

I.8. GALÍCIA (primer semestre de 2007)

Alba NOGUEIRA LÓPEZ

Profesora titular de Dereito Administrativo
Universidade de Santiago de Compostela

INTRODUCCIÓN

O primeiro semestre de 2007 aporta como cambio normativo máis destacado en materia lingüística un novo decreto regulador do uso do galego no ensino. Este decreto, aprobado en execución do Plano de Normalización Lingüística que adoptou por unanimidade o Parlamento en 2004,¹ pretende poñer fin ao declive constatado de falantes de galego —debedor da morna política de normalización lingüística— no ámbito con máis incidencia nos novos falantes: o ensino.

Tamén é preciso facer mención a algunhas previsións illadas das leis tramitadas neste período polo Parlamento de Galicia. Neste punto compresalientar as modificacións introducidas na Lei da Función Pública de Galicia na acreditación do coñecemento do galego no acceso ao emprego público e as novas previsións en relación coa avaliación de obxectivos nas que se inclúe o cumprimento do Plan de normalización.

Noutros ámbitos apenas cabe sinalar a continuidade de accións de fomento dirixidas a diversos sectores e, de forma central, aos distintos axentes que interveñen na actividade cultural (editores, guionistas...).

Non se produciron cambios organizativos polo que se mantén a estrutura creada coa chegada do goberno bipartito en 2005 dunha Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente orgánicamente do Presidente da Xunta de Galicia.²

1. Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega aprobado por unanimidade das tres forzas políticas con representación parlamentaria o 22 de setembro de 2004. O Plan non ten, pese a ser aprobado en sede parlamentaria, carácter normativo e non foi obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia.

2. Hai que indicar que O Decreto 58/2006, do 30 de marzo, polo que se crea e regula o funcionamento da Comisión de Seguimento e Impulso do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (DOG de 10 abril de 2006) establece unha estrutura de apoio á Secretaría Xeral de Política Lingüística. Esta comisión, presidida pola Secretaria Xeral de Política Lingüística, está composta por outros catro membros e pretende dar presenza no seguimento da política lingüística a dous representantes da cada un dos partidos do goberno polo que o seu nomeamento se atribúe a dúas consellarías con distinto signo político —a Vicepresidencia da Igual-

A Lei de reforma da Lei de Función Pública de Galicia

Probablemente a lei aprobada neste período máis relevante polas súas implicacións lingüísticas é a de reforma da Lei de Función pública de Galicia. A Lei 13/2007, de 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, de 26 de maio, de Función pública de Galicia introduce modificacións no precepto que regula o coñecemento do galego no acceso á función pública. A Lei de Función Pública xa viña esixindo a acreditación do coñecemento do galego mediante a realización de probas *de* galego ou a aportación de títulos no acceso á función pública. Esta reforma pretende darlle cobertura legal á celebración dalgunha das probas sobre os contidos —e non tan só probas adicionais de tradución— exclusivamente en galego.

Tenta evitarse así unha situación como a xerada polas Ordes de convocatoria de probas de acceso de 1 e 26 de decembro de 2005 que fixaban que os exercicios tipo test se realizarían exclusivamente en galego e que foron contestadas polo Valedor do Pobo e representantes de academias ao non existir unha previsión expresa na Lei da Función Pública de Galicia.³

«Artigo 33

Para lle dar cumprimento á normalización do idioma galego na Administración pública de Galicia e para garantir o dereito dos administrados ao uso da lingua propia de Galicia nas relacións coa administración pública no ámbito da comunidade autónoma, e en cumprimento da obriga de promover o uso normal do

galego por parte dos poderes públicos de Galicia que determina o artigo 6.3 da Lei de normalización lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e nas entidades locais de Galicia, terase que demostrar o coñecemento da lingua galega.

dade e do Benestar e a Consellaría de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza. Esta solución organizativa «ad hoc», axustada ao actual reparto de funcións no goberno, intenta dar solución á existencia de entendementos diversos no seo do goberno sobre o alcance da acción de normalización.

3. De feito a Xunta de Galicia deu marcha atrás ditando unha «Instrucción» contraditoria coa Orde que establecía a redacción e distribución dos test en galego e castelán. O sindicado CIG recurriu ante o TSXG esta Instrucción contra a «lei do concurso» que son as bases da convocatoria. Mediante Sentenza 00505/2007 o TSXG desestima o recurso ao entender que «ni este tipo de exámenes son los más idóneos para acreditar tal suficiencia idiomática ni el conocimiento del gallego va a sufrir merma valorativa de ningún tipo toda vez que existe un examen específico dentro de tales procesos sobre esa materia concreta». Igualmente considera que o fundamento da Instrucción é a cooficialidade fixada pola Constitución e o Estatuto.

Para estes efectos, as bases das convocatorias establecerán que unha ou máis das probas do proceso selectivo se deberán realizar exclusivamente en lingua galega, e iso sen prexuízo doutras

probas adicionais, que se puidesen prever, para aqueles postos de traballo que requiriran un especial coñecemento da lingua galega».

Tamén se introduce un novo precepto no que se prevé que un dos condicionantes do sistema de avaliación dos empregados públicos será o cumprimento do Plan de Normalización Lingüística.

«Artigo 63 bis

1. A Administración pública galega establecerá sistemas que permitan a avaliación do desempeño dos seus empregados. A avaliación do desempeño é o procedemento a través do que se mide e valora a conduta profesional e mais o rendemento ou o logro de resultados.

2. Os sistemas de avaliación do desempeño adecuaranse, en todo caso, a criterios de transparencia, obxectividade, imparcialidade e non discriminación, e aplicaranse sen menoscabo dos dereitos dos empregados públicos.

3. A Administración pública galega determinará os efectos da avaliación na carreira profesional, na formación, na provisión de postos de traballo e na percepción das retribucións complementarias correspondentes.

4. A Xunta de Galicia articulará un sistema que, entre outros factores, terá en conta necesariamente:

a) O grao de satisfacción das cidadás e dos cidadáns respecto dos servizos que se lles presten.

b) A boa xestión e organización da estrutura administrativa, para o cal promoverá a utilización por parte do persoal directivo dos datos derivados da xestión para a toma de decisións.

c) A implicación en procesos innovadores e de boas prácticas a prol da excelencia.

d) A normalización e a racionalización de procesos.

e) O grao de cumprimento do Plan de normalización lingüística.

5. Nomearase unha comisión de avaliación do desempeño, da que se regulará a súa composición e o seu funcionamento por decreto do Consello da Xunta, por proposta da consellaría competente en materia de función pública. Poderase nomear máis dunha comisión de avaliación do desempeño cando así se considere necesario».

Outras leis con relevancia para a lingua

No mesmo período de sesións aprobáronse polo Parlamento de Galicia outras leis con referencias á lingua. Cabe sinalar que unha lei central para o funcionamento da Administración como é a *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, non contén ningunha previsión sobre o condicionamento lingüístico das actividades que se realizan con subvencións autonómicas.

Tanto a *Lei 8/2007, do 13 de xuño, de Policía de Galicia* (DOG de 22 de xuño) como a *Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais* (DOG 3 de maio) introducen senllos preceptos mediante os que se establece como un principio básico de actuación da policía autonómica e da policía municipal a non-discriminación por razón de lingua (art.9 e 7, respectivamente).⁴ A falta de respeito deste principio básico trae consigo a realización dunha falta moi grave por parte dos axentes das dúas policía segundo se regula nos artigos 82 e 79, respectivamente, das leis citadas.⁵

No período de sesións parlamentares inmediatamente anterior —con publicación no primeiro semestre do 2007— aprobouse a *Lei 17/2006, do 27*

4. *Lei 8/2007, do 13 de xuño, de Policía de Galicia*
«Artigo 9. Principios básicos de actuación.

1. Os membros da Policía de Galicia actuarán con absoluta neutralidade política, de maneira equitativa e con imparcialidade, respectando en todo momento os principios de igualdade e non-discriminación por razón de ideoloxía, relixión ou crenzas, situación familiar, pertenza a etnia ou raza, orixe nacional, idioma, sexo, orientación sexual, xénero, enfermidade, discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.»

Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais
«Principios e funcións

Artigo 7. Principios básicos de actuación.

Son principios básicos de actuación para os membros dos corpos de Policía local, de acordo co artigo 5 da *Lei orgánica 2/1986*:

a) Adecuación ao ordenamento xurídico, especialmente:

1.º) Exercer as súas funcións con absoluto respecto á Constitución, ao Estatuto de autonomía e ao resto do ordenamento xurídico.

2.º) Actuar, no cumprimento das súas funcións, con absoluta neutralidade política e imparcialidade e, en consecuencia, sen discriminación ningunha por razón de raza, etnia, nacionalidade, ideoloxía, relixión ou crenzas persoais, opinión, sexo, orientación sexual, lingua, lugar de veciñanza, lugar de nacemento ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.»

5. *Lei 8/2007*

«Artigo 82. Faltas moi graves.

Consideraranse faltas moi graves:

ñ) Toda actuación que supoña discriminación por razón de ideoloxía, relixión ou crenzas, situación familiar, pertenza a etnia ou raza, orixe nacional, idioma, sexo, orientación sexual, xénero, enfermidade, discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.»

Lei 4/2007

«Artigo 79. Faltas moi graves.

Consideraranse faltas moi graves

ñ) Toda actuación que supoña discriminación por razón de ideoloxía, relixión ou crenzas, situación familiar, pertenza a etnia ou raza, orixe nacional, idioma, sexo, orientación sexual, xénero, enfermidade, discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.»

de decembro, do libro e da lectura de Galicia (DOG de 10 de xaneiro). Esta lei ten como un dos seus obxectivos (art.1) «promocionar o libro e a lectura en galego». Para isto ao longo da lei introdúcese distintas previsións, fundamentalmente de medidas de fomento, para apoiar aos distintos sectores que teñen incidencia no sector do libro —tradutores, editoriais.⁶ Así mesmo regúlase a actividade editorial pública tanto da propia Xunta, como doutras institucións —nomeadamente as tres Universidades— tendo como un obxectivo a existencia de edicións universitarias en lingua galega (art. 8).

O Decreto 124/2007, de 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo (DOG de 29 de xuño de 2007)

Despois de prolongadas negociacións cos grupos parlamentarios a fin de conseguir o maior consenso político que sustentase o novo decreto de uso do galego no ensino, o Consello de Goberno da Xunta aprobou esta nova norma sen o acordo do Partido Popular e os grupos sociais que se moven na súa órbita.

6. «Artigo 6. Dos tradutores e tradutoras.

1. Co obxecto de promover o uso do galego e enriquecer o noso patrimonio cultural, a Xunta de Galicia potenciará a tradución á nosa lingua e da nosa lingua a outras linguas. Con este fin elaborará unha liña de axudas periódicas e fomentará a tradución mediante convenio coas editoras e asociacións de tradutores e tradutoras. Promoverase especialmente a tradución de obras da literatura universal, así como daqueles textos que se consideren de referencia obrigada nos distintos ámbitos científicos e técnicos ou dos que se poidan empregar como manuais de estudo nas universidades galegas.

2. Como medida de apoio ás persoas que trasladan para o galego textos orixinariamente redactados noutras linguas, a Xunta de Galicia poderá colaborar coas editoras galegas na tradución de clásicos da literatura universal e doutras obras de publicación recomendable que, pola súa natureza ou alto custo, precisen de axudas públicas.»

«Artigo 7. Das editoras.

1. Os poderes públicos colaborarán coas editoras galegas e as súas asociacións profesionais, ás que apoiarán no seu funcionamento, naquelas actuacións que se articulen arredor da actividade editorial, no seu dobre aspecto de ben cultural e de ben industrial e económico.

2. A Xunta de Galicia potenciará a produción editorial en galego. Con este fin elaborará unha liña de axudas de carácter anual ou bienal que, atendendo todos os tipos de edición, sexan no soporte tradicional de papel, en edición dixital ou en rede, asegure tanto a presenza das novidades editoriais en lingua galega na rede bibliotecaria pública como a existencia dunha oferta suficiente de materiais didácticos naquelas áreas nas que a lexislación educativa determine que a lingua galega sexa a vehicular da súa aprendizaxe. Con esta finalidade constituiranse comisións de asesoramento e valoración para o estudo das diferentes solicitudes de axuda, nas que estarán presentes, ademais dos membros das diferentes administracións convocantes, representantes dos diferentes subsectores profesionais implicados e do Consello Asesor do Libro.»

Este decreto pretende aumentar o uso do galego no ensino ante a constatación estatística da existencia dun elevado número de mozos e mozas cunha escasa competencia oral e escrita en galego e un persistente descenso de novos falantes.⁷ Esta situación trae causa na limitada obrigatoriedade do uso do galego na docencia nas etapas de ensino obrigatorio, acompañada dun «insólito fracaso da lexislación» (en palabras do Consello Escolar de Galicia) debido ao seu incumprimento.

Os eixos básicos da nova regulación son: o incremento das materias de docencia obrigada en galego seguindo os mínimos fixados polo Plan de Xeral de normalización da lingua galega; a introducción da obriga expresa de que o galego sexa a lingua de comunicación, con carácter xeral, nas materias impartidas *en* galego; a necesidade de elaboración un proxecto lingüístico dos centros que estableza os usos lingüísticos nas materias non reguladas e as medidas de apoio previstas para os estudantes con dificultades; unha regulación máis restrictiva da exención da materia de galego para estudantes procedentes de fora do sistema de ensino galego que a limita á etapa de educación secundaria (art. 15 e 16).

Xunto a esas cuestións mantéñense algúns dos trazos establecidos pola normativa anterior como é a consideración do galego como lingua propia da Administración educativa e, por tanto, como lingua de utilización habitual para as relacións administrativas, os documentos administrativos e as comunicacións (art. 2).

En liña coa Sentenza do Tribunal Constitucional 337/94, o Decreto ten como obxectivo do sistema educativo a consecución da plena corrección de expresión dos estudantes nas dúas linguas oficiais. Para conseguir este obxectivo faise a valoración de que non abonda coa materia «de galego» se non que o galego debe ser tamén o «vehículo de comunicación» noutras materias. Para iso establécese unha regulación asentada en dous piares: a fixación dun maior número de materias que deben ser impartidas en galego e a correlativa previsión de que nestas materias o galego debe ser a lingua de expresión normal dos docentes e os estudantes.

Con respecto ao incremento da carga docente *en* galego, o Decreto 142/2007 adopta —coa finalidade de non apartarse da liña que conseguiu a unanimidade das forzas políticas no Parlamento no Plan Xeral de Normalización— os puntos de referencia fixados como mínimos por este plan.⁸

7. Os datos do Instituto Nacional de Estatística son explícitos neste sentido.

8. Ante a ausencia de publicación no Diario Oficial de Galicia do Plan, o Decreto publica como anexo as medidas previstas para o ensino no Plan que fixan as porcentaxes mínimas de uso do galego en cada etapa.

En educación infantil (art. 7) esta regulación é debedora das previsións da Lei de Normalización Lingüística que establecía a escolarización na primeira ensinanza na lingua materna. O novo decreto establece que se «usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, terán en conta a lingua do contorno e coidará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo». Porén tamén se establece unha previsión para intentar solucionar a problemática específica dos contornos castelán falantes nos que «a utilización nesta etapa da lingua galega como lingua de comunicación e ensinanza será, como mínimo, igual á da lingua castelá. Fomentarase a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, no sentido de que este se convirta no idioma base da aprendizaxe, de xeito que o alumnado obteña unha competencia que lle permita comunicarse normalmente en galego co alumnado e o profesorado».

Nos outros niveis educativos (art. 8-12) a regulación do Decreto pasa por unha enumeración ben das materias que serán impartidas de xeito obrigado en galego, ben pola indicación de que polo menos o 50 % das materias serán impartidas en galego.⁹ Todo elo acompañado por unha previsión xeral en relación coa necesidade de acadar a competencia nas dúas linguas oficiais.

Esta regulación complétase coa previsión establecida no art. 13 de que «nas áreas, materias ou módulos impartidos en lingua galega, o alumnado utilizará, con carácter xeral, o galego nas manifestacións oral e escrita».

A regulación dos artigos 7-13 do Decreto —lingua do entorno en infantil, mínimos en galego de cada etapa e utilización do galego como lingua de comunicación nas materias *en* galego— foi obxecto dun informe negativo por parte do Consello Consultivo de Galicia no seu Ditame núm. 366/07, posteriormente utilizadas como apoio xurídico nalgúns procesos

9. No momento que se aprobou o Decreto estaba pendente de concreción a normativa estatal en relación coa organización curricular dalgunha etapa educativa polo que non se puido concretar o nome das materias en galego neses ciclos e se inclúe a previsión do mínimo do 50 %.

Os Decretos de desenvolvemento dos currículos para adaptalos á LOE teñen relevancia para o reparto horario das materias e, en consecuencia, da carga horaria de cada lingua. A Xunta aprobou os decretos 133/2007, de 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 13 de xullo), ao igual que se aprobara o mesmo día do decreto do uso do galego o Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

contencioso-administrativos abertos contra o Decreto.¹⁰ En concreto, con argumentos bastante discutibles, o Consello Consultivo cuestiona a regulación por un problema de rango legal das previsións que introducen obrigas unida á suposta inexistencia dun «deber» de coñecer o galego que se traduciría na imposibilidade de esixir que se expresen en galego nestas materias.¹¹ Tamén mostra a súa preocupación porque se supere o equilibrio do 50 % das materias en galego.¹²

A contratación dunha asistencia técnica para a creación dun observatorio da situación da lingua galega na sociedade

O 22 de xaneiro de 2007 saía publicada no DOG un anuncio da Secretaría Xeral de Política Lingüística para a contratación dunha asistencia técnica para a creación dun observatorio da situación da lingua galega na sociedade. Resulta singular o recurso á contratación administrativa para adoptar unha medida de carácter organizativo e que, máis axeitadamente, debía estar integrada na estrutura administrativa da Xunta e ser creada

10. O Consello consultivo de Galicia é designado polo Presidente da Xunta de Galicia e non polo Parlamento como sucede con órganos semellantes doutras CCAA. O mandato dos seus conselleiros comezou no período do goberno do PP e está a punto de expirar. En relación cos recursos xudiciais, hai varios procesos abertos polo procedemento especial de protección dos dereitos fundamentais e pola vía ordinaria. No primeiro caso a medida cautelar solicitada de suspensión do decreto foi denegada polo TSXG.

11. Ditame 366/07 (pax. 28):«mais o ámbito decisorio dispoñible para o regulamento esgótase no eido da impartición das materias, pois o uso da lingua como instrumento vehicular non está suxeito á avaliación directa nesas materias, e a imposición do seu uso a través dun mandato directo con reserva de excepción —non especificada por certo no texto do decreto— choca coa inexistencia dun deber estatutario ou legal de uso do galego, polo que os alumnos poden invocar o seu dereito ao emprego da súa lingua de preferencia entre aquelas que son oficiais».

12. Ditame 366/07(pax. 30-31): «En principio a previsión regulamentaria non conculca a doutrina do Tribunal Constitucional sobre o uso da lingua do ensino, tal e como xa foi obxecto de pronunciamiento na consideración quinta deste ditame, se ben os actos de aplicación daquelas previsións si poderían forzar ou violentar aquela medida para o caso de que non se garanta o coñecemento do castelán —como deber imposto constitucionalmente— nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co galego, polo que sería preciso que estes preceptos contemplaran expresamente a existencia destes límites no reparto lingüístico das áreas.

Hai que advertir ademais, nesta orde de cousas, que o desenvolvemento do proxecto lingüístico do centro pode desvirtuar a natureza do modelo, transformando o que é un sistema de fomento e conxunción lingüística, que defende, con carácter xeral, este proxecto, noutro modelo de índole diferente, de inmersión obrigatoria para eses centros, podendo comprometer o equilibrio do sistema actualmente deseñado.»

por unha norma.¹³ O obxecto do contrato é «a realización de determinadas tarefas relacionadas coa toma de datos e realización de informes de situación nos distintos ámbitos que se pretende observar, e que se recollen no Plan Xeral da Normalización da Lingua Galega» e a dotación económica bastante elevada.

As axudas públicas para actividades relacionadas coa lingua ou con condicionado lingüístico

A actividade de fomento é a que concentra a maior parte das referencias no primeiro semestre de 2007. Neste punto debemos distinguir dúas liñas, por un lado as axudas para a realización de actividades con emprego da lingua galega por diversos sectores vinculados ao mundo da cultura, asociativo e institucional, que tradicionalmente constituiron o cerne da política lingüística de Galicia —polo seu claro signo «incentivador» e pouco proclive á regulación constrictiva. Por outro, a novidade da introducción crecente de condicionado lingüístico na execución de actividades de todo signo que reciben axudas públicas e que, fundamentalmente nas convocatorias procedentes das consellarías nacionalistas e con fórmulas diversas, parecen estar cobrando un certo empuxe.

As axudas para a promoción da lingua galega

Dentro do primeiro bloque de axudas a institucións, asociacións ou axentes que realizan actividades relacionadas coa lingua galega cabe destacar a *Orde do 24 de maio de 2007 pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a normalización da lingua galega*. Esta convocatoria, xa resolta, é utilizada por un elevado número de concellos para soste ou crear ou seu servizo de normalización lingüística.

Tamén se pode citar neste grupo de axudas de corte máis tradicional, e directamente dirixidas á promoción da lingua galega en diversos ámbitos, que en xeral teñen a súa orixe na Consellaría de Cultura e da Secretaría Xeral de Política Lingüística:

13. Esta estrutura ten unhas funcións bastante coincidentes coas que realiza unha institución de previsión estatutaria: o Consello da Cultura Galega. Por outra banda, a súa denominación, que parece denotar unha vontade de estabilidade temporal, é semellante á do Observatorio de Dereitos lingüísticos creado uns meses antes no seo da Mesa pola Normalización Lingüística —organización social de defensa do galego.

- a Resolución de 29 de decembro de 2006, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se conceden subvencións a entidades privadas sen fin de lucro para incrementar os usos da lingua galega nos ámbitos da familia, da infancia e da mocidade (DOG 10 de xaneiro).
- a Resolución do 16 de marzo de 2007, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se regula a concesión de subvencións para a edición en lingua galega de materiais curriculares (DOG de 22 de marzo).
- Resolución do 16 de marzo de 2007, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se regula a concesión de subvencións para a edición en lingua galega de materiais curriculares, para niveis non universitarios, así como a edición de material para a formación de adultos en lingua galega, realizados en formatos visuais ou audiovisuais, sobre soportes impresos ou dixitais (DOG 22 de marzo).
- Resolución do 1 de marzo de 2007, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncia a convocatoria para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos equipos de normalización lingüística dos centros de ensino públicos de Galicia que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas, para o ano 2007 (DOG de 7 de marzo).
- Resolución do 13 de febreiro de 2007 pola que se anuncia a convocatoria de axudas para financiar proxectos de fomento de uso do galego dos equipos de normalización lingüística dos centros de ensino privados (DOG de 23 de febreiro).
- Orde de 24 de abril de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a escrita individual de guións de proxectos audiovisuais en lingua galega (DOG de 3 de maio).
- Orde do 28 de maio de 2007 pola que se convocan axudas para a promoción, produción e edición do libro galego, no que se refire á tradución para outras linguas de obras publicadas orixinarmente en galego e á tradución para o galego de obras publicadas orixinarmente noutras linguas (DOG de 13 xuño).
- Orde do 1 de maio de 2007 pola que se convocan axudas para a promoción, produción e edición do libro galego, no que se refire á materialización dos grandes proxectos editoriais (DOG 14 xuño).
- Orde do 8 de maio de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega (DOG de 15 de maio).

- Orde do 7 de maio de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública de subvencións para a produción de curtametraxes en versión orixinal en lingua galega realizadas por produtoras audiovisuais e creadores/as individuais, así como contidos interactivos e proxectos de creación net-art realizados por creadores/as individuais (DOG 10 de maio).

As axudas con condicionado lingüístico

Por outra banda, na liña sinalada de introdución de condicionado lingüístico en axudas públicas fora do ámbito estrito de promoción da lingua atopamos distintas modalidades.

Desde axudas condicionadas ao cumprimento do Plan Xeral de Normalización da Lingua galega:

Orde do 31 de xaneiro de 2007 pola que se regulan as axudas para o mantemento e mellora na calidade das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social (DOG 9 de febreiro).

«Artigo 14°. Outras obrigas das entidades beneficiarias.

As entidades beneficiarias destas axudas obríganse a [...]

B) O cumprimento dos obxectivos específicos establecidos para a educación infantil 0-3 no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.»

Ata axudas nas que se condiciona a lingua na que se debe desenvolver a actividade subvencionada e a publicidade:

Orde do 26 de febreiro de 2007 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a fundacións, asociacións e institucións culturais, con ámbito de actuación supraprovincial e que desenvolvan as súas actividades en Galicia, para o seu funcionamento e para a realización de programas culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2007 (DOG 14 de marzo).

«Art. 4.2. Á solicitude xuntaráse a documentación que a seguir se relaciona:

[...]

e) Memoria, o máis detallada posible, relativa ao programa ou actividade,

que deberá facer mención, como mínimo, aos seguintes aspectos:

— Interese do programa ou actividade.

— Emprego do galego no desenvolvemento do programa ou actividade.

Artigo 10°. Obrigas dos beneficiarios.

O beneficiario queda obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como as obrigas recollidas no artigo 14 da Lei xeral de subvencións e no artigo

78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

1. A actividade subvencionada con cargo a esta orde deberá contribuír á normalización da lingua galega. As accións de difusión, publicidade e comunicación da actividade subvencionada desenvolveranse en galego.»

Orde do 3 de febreiro de 2007 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a particulares, asociacións e institucións culturais para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2007 (DOG 26 de febreiro).

Tamén se ten utilizado como un criterio de valoración para a concesión de axudas, entre outros, a utilización da lingua galega nas actividades obxecto de subvención. Esta técnica utilízase con habitualidade, por exemplo nas axudas convocadas pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

Orde do 3 de abril de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro, para a incentivación da demanda comercial (líña INCEN), fomento da cooperación empresarial e da calidade (líña COOP) e desenvolvemento equilibrado dos centros comerciais abertos de Galicia e eixes comerciais (líña MECCA), en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego, e se procede á súa convocatoria (IN219A) (DOG 11 de abril).

2. Cumprimento de, polo menos, oito dos nove requisitos exixidos pola Dirección Xeral de Comercio que a continuación se describen:

— Coñecemento do comerciante e dos seus traballadores da normativa vixente en materia de comercio, no ámbito da Comunidade Autónoma galega, a través da participación en cursos e xornadas organizadas para o efecto.

— Non ter sido sancionado en materia de comercio nos últimos tres anos.

— Utilización da lingua galega na sinalética interior e exterior do establecemento comercial así como na páxina web, de ser o caso.

— Adhesión ao sistema arbitral de consumo.

— Estar integrados nunha asociación de comerciantes ou empresarios ou ben nun centro comercial aberto da comunidade galega.

— Facilitación aos traballadores de medios de conciliación da vida laboral e familiar.

— Existencia dun programa de prevención de riscos laborais e de enfermidades profesionais.

— Adopción de medidas para a supresión de barreiras arquitectónicas no local comercial.

— Medidas de aforro enerxético e ambientais.

Artigo 9º. Criterios de valoración.

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, comercial e financeiramente viables e os criterios de avaliación, que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión das subvencions, relacionados por orden decrecente de importancia, serán os seguintes:

a) A rigorosidade do proxecto, coherencia na súa estrutura, adecuación dos obxectivos e implicación dos comerciantes no proxecto.

b) A maior achega financeira da entidade solicitante en relación ao investimento subvencionable.

c) As actuacións que proporcionen un maior efecto demostración e se presenten relacionadas con instrumentos de planificación urbana. Este criterio é específico para a liña MECCA.

d) O alcance da actuación, atendendo tanto á difusión como á representatividade da entidade e, de ser o caso, ao número de membros aos que se dirixe o proxecto en cuestión.

e) O grao de execución e, de ser o caso, o de cumprimento das axudas ou subvencions concedidas en exercicios anteriores en materia de comercio, así como a experiencia no desenvolvemento de actuacións similares.

f) A concorrencia doutras administracións ou institucións públicas e privadas no desenvolvemento do proxecto.

g) A participación de patrocinadores na financiación.

h) O compromiso de utilización da lingua galega en todas as relacións que o interesado manteña coa Administración autonómica, de acordo co establecido no artigo 6.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, así como de uso e posterior utilización da lingua galega nas accións subvencionables. Este compromiso acreditarase mediante a presentación do modelo que se inclúe como anexo V, debidamente asinado.

En parecidos termos se desenvolve a regulación nas seguintes convocatorias da mesma Dirección Xeral:

Orde do 13 de marzo de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencions para a modernización de comercios situados en zonas rurais da Comunidade Autónoma de Galicia en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego, e se procede á súa convocatoria (IN218A) (DOG de 26 de marzo)

Orde do 16 de marzo de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencions ás corporacións locais para a adecuación e modernización de equipamentos comerciais (liña Merca) e vertebración do comercio urbano (liña

Urbancomer) en desenvolvemento do Plan renovación e mellora do comercio galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2007. Código de procedemento IN223A. (DOG 26 de marzo)

Igualmente, comeza a figurar a valoración do uso do galego como un elemento do baremo de selección nun sector cunha penetración moi baixa do galego como é a investigación se ben tan só nas relacións coa administración e non nos resultados da investigación.

Orde do 20 de abril de 2007 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións correspondentes ao Programa de Promoción Xeral de Investigación do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (INCITE) e se procede á súa convocatoria para o ano 2007 (DOG 23.5).

Anexo I: Art.5 A comisión para a selección dos beneficiarios e a selección das axudas terá en conta os seguintes criterios:

a) A experiencia científica previa para a realización das actividades programadas (máximo 30 pts).

b) O interese estratéxico e relevancia científico-técnica da proposta para Galicia (máximo 30 pts).

c) A papel desempeñado polo equipo

dentro do consorcio (máximo 15 pts).

d) A adecuación dos recursos financeiros solicitados aos obxectivos propostos (máximo 15 pts).

e) O compromiso de utilización de lingua galega en todas as relacións que o interesado manteña coa administración autonómica, de acordo co establecido co artigo 6.3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (máximo 10 pts).

Estes exemplos serven como mostra dunha tendencia, que é novidosa en Galicia, de introdución de condicionado lingüístico nas axudas públicas. Como se pode apreciar as fórmulas utilizadas son diversas pero buscan en tódolos casos a presenza do galego nas actividades que son perceptoras de axudas da Administración autonómica.